



**DÍA INTERNACIONAL  
DOS MUSEOS**  
**#OPoderDosMuseos**  
**#DIMCompostela**

**18 DE MAIO  
2022**



# O PODER DOS MUSEOS

Este 18 de maio celébrase o DIM 2022 para o que o ICOM (Consello Internacional dos Museos) elixiu o lema *O poder dos museos*. O Museo do Pobo Galego, xunto a outros museos de Santiago de Compostela, van sacar ese día a alfombra vermella para recibir aos seu público, xa que é este o verdadeiro poder co que contan estas entidades.

Ademais, para celebrar este **DIM 2022** o Museo terá a seguinte **programación**:

## • DÍA 18 DE MAIO

**De 11h a 18h.** Xornadas de **portas abertas** con entrada gratuíta.

**Ás 16h30.** Visita comentada á exposición **Coreografías do facer**. *Imaxes do traballo feminino en Gustav Henningsen*.

Co traballo e as mulleres no foco, a exposición producida no ámbito da 17 edición da MICE (Mostra Internacional de Cinema Etnográfico) presenta unha selección de fotografías tomadas polo antropólogo Gustav Henningsen mentres percorría Galicia xunto a Marisa Rey, a súa compañeira, na procura de material para a realización da súa tese sobre crenzas e rituais.

**De 19h a 20h15.** Obradoiro de pandeireta e outras percusións **O Poder das Ferreñas**.

Un poder, o do ferro e o da pel, co que achegámonos o profundo dos nosos ritmos máis antigos que, curiosamente, son tamén os máis modernos. Experimentaremos á expresividade da música a través do noso corpo para soltarnos, desfrutar e contar cousas.

Este obradoiro, impartido por **Carme da Pontraga**, está dirixido a persoas de 12 a 16 anos con calquera nivel de coñecemento no instrumento.

## • DÍA 19 DE MAIO

**Ás 19h30.** Visita polo itinerario sonoro **Son[em]peza**.

Roteiro dirixido a persoas adultas onde no mergullaremos na colección e nos arquivos do Museo usando o son como elemento condutor. Así, mentres camiñamos entre as pezas das salas coñecendo máis datos sobre elas (cando chegaron ao Museo? de onde? quen as fixo?) acompañarannos cantigas, refráns, trabalinguas, contos ou sons asociados a ditos obxectos.

**Todas as actividades son de balde e é precisa a inscrición previa en [servizosdeac@museodopobo.gal](mailto:servizosdeac@museodopobo.gal)**



Museo do  
Pobo Galego



CONCELLO DE  
SANTIAGO



Deputación  
DA CORUÑA



Xacobeo 21-22



XUNTA  
DE GALICIA